

Xornalismo de resiliencia

Ensaio Rivas desprega xornalismo militante e literatura de resistencia

Décimo volume onde Rivas axunta a súa obra xornalística a contar incluído a inaugural *Galicia, el bonsái atlántico* de 1989, *Episodios galegos. Tempos de esperpento* compacta entregas que lemos no “Lucas” de *El País-Galicia*; un libro que, antes de nada, desmente rotundamente á confraría crítica que aínda teima en considerar a escrita dos xornais como *literatura efémera* e de caducidade inmediata. Prexuízo que despreza un feito capital: os xornais, malia o devalo de vendas, seguen a ser o principal espazo de relación entre os creadores literarios e o groso da sociedade lectora.

O seu abaixamento discriminatório é tamén radicalmente retrucado pola calidade da opinión impresa nos xornais galegos. Foi o mesmo Rivas quen, en “Alguén ten que ocuparse da verdade”, certificou que vivimos “unha boa época no xornalismo de opinión en Galicia” e anotou: “Coido que o fenómeno máis interesante dos últimos anos no eido da comunicación é este florecemento do xornalismo

**Episodios galegos.
Tempos de
esperpento** ·
Manuel Rivas ·
Xerais, 2009 ·
264 páx · 17,60 euros



literario. Dende logo, na rede”. Tamén nos xornais como acreditan as columnas de Rivas, de Toro, Bieito Iglesias ou Rosa Aneiros, por anotar algúns entre os autores literarios, ou de Pereiro, A. Baamonde, X. L. Barreiro ou Antón Losada entre os *articulistas de opinión*.

Na presentación de *Episodios galegos*, Pereiro sentenciou: “A mellor literatura faise hoxe nos periódicos” e tamén que “a crise actual, tanto da política como da prensa, fai necesario o xornalismo militante”. *Episodios* é xornalismo militante, literatura partisana –non en van Rivas teima en que “a resistencia é o ADN da cultura galega”–, unha crónica civil que enfronta as políticas de *deconstrución* e *substracionismo* da *novísima dereita* que



Fotografía de Roberto Ribao // R. R. Arquivo TEMPOS Novos

ocupa o noso autogoberno tras o 1-M. Relatorio das moitas demolicións emprendidas ao abeiro do que o PPdeG chama *Segunda Modernización de Galicia* e que non é máis que unha contrarreforma de desquite para eivar toda vontade de transformación igualitaria ou libertaria de Galicia.

Rivas podería adaptar o título de Bartolomé de las Casas para rotular o libro como *Brevísima relación da destrución de Galicia*. O tema nuclear é o ataque suicida dos nosos gobernantes aos bens que nos son comúns, a súa ofensiva contra as

realización modestas ou grandiosas da nosa identidade como nación, moi fundamentalmente contra eses dous capitais que atesouran os pobos: a memoria e a lingua. A intelixencia válelle a Rivas para desvelar con «dramático humorismo» a perversidade da neolingua e o substracionismo do *autogoberno inexistente* de Núñez Feijóo e rebater esa política disparatada para que deixemos de ser nós e coa que desexan formatarnos como comunidade da desmemoria histórica e sen voz de seu para dialogar coas outras nacións da humanidade.

Ao dereito, os *Episodios* falan da existencia dunha Galicia indomábel, posuidora do que os psicólogos chamamos *hardiness*, unha personalidade resistente, vigorosa e afoutada. E algo máis, as letras de Rivas cifran o xornalismo da *resiliencia*, esa capacidade que teñen as comunidades e as persoas fronte ás adversidades, para manterse en pé de loita, con doses de perseveranza, actitude positiva e accións que permiten vencer as forzas que nos negan pasado, presente e futuro. *Resiliencia* e *dignidade*, materias das que está feito o País de Nunca Máis. // Manuel M. Barreiro